

Si, son freelance, ¿e que?

10 CONSELLOS PARA TRABALLAR DESDE CASA

por *NóComún*



Ponte un horario

Sexa de 9 a 18 ou de 18 a 3 da mañá, organízate e cando chegue a hora déixao (a non ser que teñas unha entrega ao día seguinte) se non, corres o risco de pasarte o día diante do ordenador.



Quíta o pixama

O eterno pixama ou o socorrido chandalismo NON está considerado polas revistas de tendencias como look casual. Vístete para a túa xornada de traballo aínda que só sexa para abrirlle a porta ao mensaxeiro.



Apaga o ordenador

Utiliza as túas mans, debuxa con rotuladores, escribe nun caderno, planta un xardín ou aprende ganchillo. Non esquezas de onde vivimos.



Crea o teu espazo

Minimalista, postindustrial, vintage ou unha mesa chea de papeis cun bonequiño de Bob Esponja. Sexa o que sexa pero faino teu.



Cobra o xusto

Todos comezamos traballando gratis para amigos. Valora o teu traballo e intenta cobrar o que realmente vale, farás que os demais te valoren.



Escoita música

Xa non tes que ocultarlle aos teus compañeiros de oficina que che encanta a canción sueca gañadora de Eurovisión. Sube o volume se iso é o que necesitas para empezar a traballar con enerxía.




Queda con xente

¿Lémbreste? Son esas representacións de carne e óso das fotos de Facebook. Pasas o día a comunicarte a través da tecnoloxía. Queda cos teus amigos, apúntate a pilates ou faite voluntario. O mundo irá un pouco mellor.



Céntrate

Contestar mensaxes de facebook, facer a coada, ou pasear o can teñen o seu momento. Xestiona os tempos que dedicas para cada cousa e sácalle o maior partido ás horas de traballo.



Rompe as normas

Non fagas caso a ningún aos puntos anteriores, son só consellos, unha perspectiva. Rompe as regras e constrúe as túas. Equívocate, só así seguirás aprendendo.



Desfruta

É o que debería importar. Es freelance, con todo o bo e o malo que conleva. Preocúpate por manter a paixón polo que fas.